

**Resolución do 16 de abril de 2026, para nomear e publicar a composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para a provisión de catro prazas vacantes na relación de postos de traballo de persoal técnico de xestión e de administración e servizos, funcionario/ da escala técnica, subescala electricidade, grupo B.**

Mediante a Resolución do 02 de decembro de 2025 (DOG do 15 de decembro de 2025), convocáronse probas selectivas para a provisión de catro prazas vacantes de funcionario/a da escala técnica, técnico/a de laboratorio, subescala de electricidade, subgrupo B

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 136 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 06 de outubro (DOG do 27 de outubro), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e conforme ao establecido na base 5.1 da convocatoria,

RESOLVE:

Publicar a composición do tribunal, no anexo desta resolución, que xulgará as probas selectivas para a provisión de catro prazas vacantes de funcionario/a da escala técnica, técnico/a de laboratorio, subescala de electricidade, subgrupo B, polo sistema de promoción interna.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría segunda das recollidas no artigo 16 do regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo, aprobado no Consello de Goberno do 27 de abril de 2023 e modificado por resolución reitoral o 19 de xullo de 2023.

A Coruña, asinado dixitalmente

O Reitor

PD A Xerenta (RR 10.07.2024)

M<sup>a</sup> Jesús Grela Barreiro

## ANEXO

### TRIBUNAL TITULAR

Presidente: Alberto Núñez Cardezo, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Félix Sánchez-Tembleque Díaz-Pache, funcionario da Universidade da Coruña  
Alicia Cantarero Roldán, funcionaria da Universidade da Coruña  
José Antonio Bouzas Gómez, funcionaria da Universidade da Coruña.

Secretaria: Blanca Padín Viaño, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e voto.

### TRIBUNAL SUPLENTE

Presidente: José Ramón Noguero, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

María Piñeiro Iglesias, funcionaria da Universidade da Coruña  
Miriam Rega López, funcionaria da Universidade da Coruña  
Pedro Monteserín Macías, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria: Rosa Boo Alonso, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e voto.